



ANEXO II PCAP

PROTOCOLO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA FINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA- FONDOS NEXT GENERATION EU NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

Índice

1. Táboa informativa MRR-PRTR	2
2. Réxime xurídico	3
3. Sistema de xestión do PRTR: obrigas esenciais do contrato	3
3.1. Fitos/ obxectivos, progreso de indicadores e mecanismo de verificación do resultado	4
3.2. Etiquetaxe verde e dixital	4
3.3. Principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH).....	5
3.4. Garantías e control para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese.....	6
3.5. Garantía da compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención de dobre financiamento.....	7
3.6. Identificación dos perceptores finais dos fondos e titularidade real.....	7
3.7. Requirimentos en materia de comunicación: visibilidade do financiamento e difusión	7
3.7.1. Colocación de logos	8
3.7.2. Carteis informativos e placas	8
4. Penalidades	10
5. Modificación do contrato	10
6. Suxeición aos controis e auditorías da Unión Europea.....	10
6.1. Conservación de documentación	10
7. Procedemento de contratación pública con financiamento MRR-PRTR na USC.....	11
7.1. Fase de licitación	11
7.1.1. Requirimentos de comunicación, publicación e difusión da licitación	12
7.2. Fase de valoración e adxudicación.....	12
7.3. Fase de execución e finalización	13
8. Pista de auditoría e checklist de xestión na ferramenta CoFFFE.....	14
9. Esquema do Protocolo de contratación pública financiada pola Unión Europea- Fondos Next Generation EU no marco do PRTR	15



Este protocolo forma parte da documentación que regula os procedementos de contratación pública da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), financiados con fondos do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), en cumprimento co Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. No ámbito español, este financiamento artículase a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), regulado polo Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, e a normativa de desenvolvemento correspondente, sen prexuízo das normas xerais sobre contratación pública.

Polo presente protocolo, a USC na súa calidade de entidade executora do PRTR cumpre cos requirimentos establecidos na normativa reguladora para a execución dos fondos e **obriga ao seu cumprimento a entidades contratistas, subcontratistas e medios propios**. Este protocolo ten carácter complementario ao Procedemento para a xestión dos gastos e da documentación asociada aos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) da USC.

1. Táboa informativa MRR-PRTR

Entidade executora	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Expediente / Contrato	XXX-XX
URL PCPG ¹	
Lotes (se procede)	
Responsable do contrato	
Tipo de financiamento	Financiado pola Unión Europea- Fondos Next Generation EU no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR)
Subproxecto CoFFEE	XXX.XXX.XXX.XXX
Compoñente (Código e descrición)	
Medida (Código e descrición)	
Etiquetado verde	Cód. campo de intervención: Descrición: xxxxxx % contribución climática: % contribución medioambiental:
Etiquetado dixital	Cód. campo de intervención: Descrición: xxxxxx % contribución dixital:
Condicionantes DNSH	Consultar Anexo XX dos pregos de contratación
Fito / obxectivo crítico:	Cód. e descrición: Data de cumprimento:
Indicadores	

¹ Enlace á publicación do expediente na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.



Mecanismo de verificación	
Orixe de financiamento (entidade, convocatoria, convenio, contrato...)	
Actividade financiada	
Prazo de execución	

2. Réxime xurídico

Este expediente está financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU e derivado do seu financiamento, ademais das normas xerais sobre contratación pública, resultan de aplicación:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en diante Regulamento do MRR).
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante PRTR).
- Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España, a súa Addenda de 2023.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que se vai proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Plan de Medidas Antifraude e Prevención de Riscos de Xestión da USC.
- Normativa reguladora específica da subvención ou convenio: orde de bases, convocatoria e orde de concesión da axuda, etc.

Esta relación de normativa pode estar suxeita a actualizacións. Será obriga das entidades adxudicatarias (e, no seu caso, contratistas e subcontratistas) aplicar a normativa en vigor no momento de execución do contrato.

3. Sistema de xestión do PRTR: obrigas esenciais do contrato

Este expediente queda suxeito ao cumprimento dos principios de xestión específicos do PRTR recollidos nas Ordes Ministeriais HFP/1030/2021, HFP/1031/2021 e HFP/55/2023, que incorpora como obrigas esenciais do contrato:



- (1) Cumprir cos fitos e obxectivos, así como os criterios para o seu seguimento e acreditación do resultado.
- (2) Cumprir coa etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital.
- (3) Cumprir coa análise de risco en relación con posibles impactos negativos significativos no ambiente (*Do no significant harm*, DNSH), seguimento e verificación de resultado sobre a avaliación inicial.
- (4) Cumprir co reforzo de mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese.
- (5) Garantir compatibilidade co réxime de axudas de Estado e previr o dobre financiamento.
- (6) Identificar aos perceptores finais dos fondos, sexa como beneficiario de axudas, ou como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- (7) Cumprir cos requirimentos de comunicación.

A empresa contratista estará obrigada a subministrar á USC, logo de requirimento, no prazo que nel se indique, toda a información, datos e/ou documentación que esta precise para o cumprimento do disposto na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. As obrigas establecidas nesta cláusula, esténdense á totalidade do procedemento de contratación: desde a tramitación do expediente de contratación, a elaboración dos documentos contractuais, o procedemento de licitación e adxudicación, ata a fase de execución e finalizacións dos contratos e posibles auditorías posteriores.

3.1. Fitos/ obxectivos, progreso de indicadores e mecanismo de verificación do resultado

O obxecto do contrato contribúe á consecución do fito/obxectivo crítico referenciado na táboa PRTR-MRR deste protocolo no prazo sinalado, de conformidade coa compoñente e medida asignadas, así como aos indicadores e mecanismos de verificación a través dos que se acredita o seu cumprimento. Adicionalmente, o órgano de contratación sinalará os prazos temporais para o seu cumprimento, así como os mecanismos establecidos para o seu control.

As empresas contratistas e subcontratistas deberán facilitar ao órgano de contratación a información que este lle solicite, así como os correspondentes informes de execución de obras, servizos ou subministracións cando lles sexan requiridos polo órgano de contratación.

3.2. Etiquetaxe verde e dixital

No cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en diante, Regulamento (UE) 2021/241), todas as actuacións financiadas que se leven a cabo no marco deste contrato, deben respectar as condicións específicas de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital correspondentes á compoñente e medida na que se enmarca, conforme aos campos de intervención asignados e á posible existencia de mecanismos de verificación dos ditos campos de intervención (anexos VI e VII do Regulamento (UE) 2021/241).

Coa finalidade de facilitar o seguimento e avaliación do compromiso da etiquetaxe verde e dixital, o órgano de contratación sinala na táboa PRTR-MRR deste protocolo o campo de



intervención e porcentaxe de contribución de cada etiqueta, así como o mecanismo de verificación que se esixe á empresa adxudicataria do contrato (e, no seu caso, subcontratista) ao longo da súa execución e/ou finalización.

3.3. Principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH)

A empresa contratista (e no seu caso, a/as subcontratista/as) deberá presentar unha declaración responsable/autoavaliación do cumprimento do principio DNSH conforme ao modelo do anexo e subministrar os mecanismos de verificación e tantas probas documentais como sexan exixibles para garantir o seu cumprimento en todas aquelas actuacións que se realicen no marco deste contrato, de conformidade co indicado na Táboa informativa MRR-PRTR.

Para cumprimentar a declaración responsable/autoavaliación, deberán aterse ao disposto na “Comunicación da Comisión (C/2023/111) Guía técnica sobre a aplicación do principio de “non causar un prexuízo significativo”, accesible na ligazón:

(<https://www.boe.es/doue/2023/111/Z00001-00033.pdf>)

e na “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente”, accesible na ligazón:

(https://www.prtr.miteco.gob.es/content/dam/prtr/es/obligaciones-medioambientales/guidadnshmitcov20_tcm30-528436.pdf)

do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO). A presentar en 20 días dende a adxudicación.

Ao presente contrato sonlle de aplicación os condicionantes DNSH na avaliación inicial do PRTR, os dispostos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID) e na orde de bases e concesión da axuda, e os correspondentes mecanismos de verificación que validen o seu cumprimento e que se lle esixirán á empresa adxudicataria (e, se é o caso, subcontratistas) do contrato, ao longo da súa execución e/ou á súa finalización.

O Regulamento (UE) 2021/241 establece que ningunha das medidas de execución das reformas e investimentos incluídos no PRTR causará un prexuízo significativo aos seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento en (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos.
4. Transición cara a unha economía circular.
5. Prevención e control da contaminación.
6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

En ningún caso poderán levarse a cabo as seguintes actividades non elixibles:

1. Construción de refinarías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles,



- agás os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no anexo III da Guía Técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cal se prevea que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por debaixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevea que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberase facilitar unha explicación motivada ao respecto.
 4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
 5. Actividades relacionadas con vertedoiros de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non supoñan un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberanse xustificar documentalmente para cada planta.
 6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións nas plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando estas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresíduos, sempre que tales accións non supoñan un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberanse xustificar documentalmente para cada planta.
 7. Actividades en que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao ambiente.

Ademais do anterior, forma parte dos pregos a **Memoria de cumprimento co principio DNSH** do expediente no que se indican os condicionantes DNSH de obrigado cumprimento para a execución deste contrato, así como a documentación que terán que aportar as empresas contratistas e subcontratistas, de ser o caso, para garantir e acreditar o seu cumprimento.

3.4. Garantías e control para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese

Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas do artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021, e artigo 6 da Orde 1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e a Orde 55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o PRTR, o Consello de Goberno da USC aprobou o Plan de medidas antifraude e de prevención de riscos de xestión da Universidade de Santiago de Compostela (Plan Antifraude da USC) que inclúe un punto específico para a prevención e tratamento dos conflitos de interese e unha declaración contra a fraude, a corrupción e o conflito de interese que foi publicada para coñecemento de toda a organización.

A USC establece a obrigatoriedade de que as persoas que interveñen nos procedementos de execución do PRTR, subscriban unha declaración de ausencia de conflito de interese (DACI) que supón unha manifestación explícita do seu compromiso de imparcialidade e obxectividade no seu desempeño profesional.

Ademais, é de aplicación o sistema para a prevención e detección do risco de conflito de interese que se leva a cabo mediante a aplicación Minerva para a análise sistemática e



automatizada do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, baseado nunha xeración informática de minaría de datos, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.

Os terceiros que participan neste procedemento como contratistas, subcontratistas ou destinatarios de encargos teñen que asinar o documento de declaración responsable múltiple PRTR, que corresponde aos modelos que figuran no Anexo IV da Orde 1030/2021, entre os que se inclúe unha DACI, para dar cumprimento ao pronunciamento da Junta Consultiva de Contratación do Estado na Instrución de 23 de decembro de 2021.

3.5. Garantía da compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención de dobre financiamento

Para garantir a compatibilidade co réxime de axudas europeas e de Estado, así como a prevención de dobre financiamento, a USC recolle no Plan Antifraude os seus compromisos ao respecto, e asina unha declaración responsable ao respecto. Así mesmo, a USC aplica procedementos que permiten asegurar en todo momento o pleno respecto á normativa relativa a axudas do Estado e a ausencia de dobre financiamento.

3.6. Identificación dos perceptores finais dos fondos e titularidade real

As empresas contratistas e subcontratistas deberán aportar a seguinte información para a identificación final de perceptor de fondos segundo o artigo 8 da Orde HFP/1030/2021:

- NIF da contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal da contratista e, no seu caso, subcontratistas
- Aceptación da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión.
- As contratistas/subcontratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración tributaria foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.
- **Os contratistas teñen a obriga de indicar o importe con IVE e SEN IVE ao que ascende a subcontratación.**

Ademais do anterior, deberán aportar información sobre o nome completo e a data de nacemento do seu titular real, e calquera outra que sexa necesaria, para darlle cumprimento ao disposto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021 e ao disposto na Orde HFP/55/2023 para realizar o procedemento de análise ex ante de risco de conflito de interese a través da ferramenta informática MINERVA.

3.7. Requisitos en materia de comunicación: visibilidade do financiamento e difusión

A empresa adxudicataria, e no seu caso a subcontratista, deberá asumir as obrigas relativas á comunicación e publicidade da USC relacionadas coa execución do PRTR para a publicación de información, visibilidade do financiamento público de orixe na UE que derivan da seguinte normativa e manuais:

- Artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Artigo 10 do Acordo de Financiamento entre a Comisión e o Reino de España.
- Artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia elaborado pola Secretaría General de Fondos Europeos, accesible na ligazón:

(<https://soportesgffee.zendesk.com/hc/es/articles/23136856869393-Manual-de-comunicaci%C3%B3n-para-gestores-y-beneficiarios-del-Plan-de-Transformaci%C3%B3n-Recuperaci%C3%B3n-y-Resiliencia>)

Todos os instrumentos xurídicos, administrativos, publicitarios ou de difusión relativos á xestión do PRTR deben recoller de forma clara as prescricións establecidas na normativa citada, de xeito que permitan que, os destinatarios finais do financiamento da Unión no marco do MRR, recoñezan a orixe do financiamento da Unión.

Todas as licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo de desenvolvemento a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU».

As actuacións que se desenvolvan na execución do PRTR deberán exhibir de forma correcta e destacada o emblema da UE xunto co lema «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», xunto ao logo do PRTR. No caso de facturas será suficiente con que inclúan o lema.

O incumprimento das obrigas de comunicación, tanto no que se refire aos aspectos vinculados ao cumprimento de fitos e obxectivos como a calquera outro elemento recollido na regulación antes mencionada, podería concluír no inicio dun procedemento de reintegro de acordo co establecido no artigo 37.4 e 5 do Real decreto lei 36/2020.

3.7.1. Colocación de logos

No referido á presenza de logos, deberá exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuada que diga (traducida ás linguas locais cando proceda) "financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU", xunto ao logo do PRTR. Cando se mostre con outro logotipo, o emblema da Unión Europea deberase mostrar polo menos de forma tan prominente e visible como os outros logotipos. Todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo de desenvolvemento a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU».

3.7.2. Carteis informativos e placas

Todos aqueles equipamentos, infraestruturas ou servizos que se presten baixo financiamento do MRR-PRTR deberán colocarse nun lugar o máis visible posible para chegar ao maior número de público.

Tamaño: débense colocar carteis ou placas dun tamaño razoable e proporcionado. Recoméndase utilizar as seguintes características técnicas en referencia aos logos:

- Que ocupen polo menos un 25% da superficie do cartel ou a placa.
- Que se sitúen na franxa superior ou inferior do cartel ou a placa.
- En localizacións particulares, suxírese utilizar carteis de tamaño A3, cos logos obrigatorios.
- Orde dos logos:

1. Emblema da Unión Europea + Financiado pola Unión Europea/Next Generation EU



2. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



3. Emblema do Ministerio Xestor correspondente



- Contido recomendado:
 - Nome do beneficiario (persoa xurídica).
 - Nome do proxecto/operación.
 - Prazo (optativo).
 - Orzamento (optativo).
- Tipografía principal: Gotham

Exemplos de carteis permanentes e placas:



Espacio para creatividad

- Nombre del beneficiario (persona jurídica).
- Nombre del proyecto/operación.
- Plazo (optativo).
- Presupuesto (optativo).



Espacio para logotipos de otras entidades y organizaciones colaboradoras.



4. Penalidades

De conformidade coa Instrución do 23 de decembro de 2021, da Junta Consultiva de Contratación Pública do Estado, a USC poderá prever penalizacións derivadas do incumprimento dos requirimentos do sistema de xestión MRR-PRTR para a execución de fondos.

5. Modificación do contrato

Adicionalmente, en cumprimento do disposto na Instrución do 23 de decembro de 2021 da Junta Consultiva de Contratación Pública do Estado sobre aspectos que se van incorporar nos expedientes e nos pregos reitores dos contratos que se vaian financiar con fondos procedentes do PRTR, prevese como causa de modificación do contrato a orde da autoridade responsable para adoptar medidas correctoras en materia de etiquetaxe verde e dixital, así como para cumprir coas obrigas asumidas pola aplicación do principio DNSH.

6. Suxeición aos controis e auditorías da Unión Europea

As empresas contratistas e subcontratistas quedan suxeitas aos controis da Comisión Europea, da Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), do Tribunal de Contas Europeo e da Fiscalía Europea, tendo todos estes órganos dereito de acceso á información que do contrato e do procedemento se deriven.

6.1. Conservación de documentación

As empresas contratistas e subcontratistas terán obriga de conservar os documentos relativos ao contrato de conformidade co disposto no artigo 133 do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de setembro de 2024, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, (versión refundida), en diante, Regulamento Financeiro. A conservación de documentos rexeráse polas seguintes normas:

- a. Os perceptores manterán un rexistro e conservarán os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
- b. Os rexistros e documentos relativos a auditorías, recursos, litixios, a tramitación de reclamacións relativas a compromisos xurídicos ou relativos a investigacións da OLAF conservaranse ata que as ditas auditorías, recursos, litixios, tramitación de reclamacións ou investigacións conclúsen. No caso dos rexistros e documentos relativos a investigacións da OLAF, a obriga de conservar os rexistros e documentos aplicarase unha vez que as ditas investigacións fosen notificadas ao perceptor.
- c. Os rexistros e documentos conservaranse, ben en forma de orixinais, ben en forma de copias compulsadas de orixinais, ben en soportes de datos comunmente aceptados, entre eles versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica.



Cando existan versións electrónicas, non serán necesarios orixinais se os ditos documentos cumpren os requisitos legais aplicables para que poidan ser considerados equivalentes a orixinais e fiables para efectos de auditoría.

7. Procedemento de contratación pública con financiamento MRR-PRTR na USC

A continuación, descríbese o procedemento a seguir para garantir o cumprimento cos ditos principios durante o desenvolvemento do procedemento de contratación. Nas seguintes fases:

1. Fase de licitación
2. Fase de valoración e adxudicación
3. Fase de execución
4. Fase de finalización da execución
5. Arquivo de documentación, pista de auditoría e checklist de xestión

7.1. Fase de licitación

De acordo co artigo 54 do Decreto-lei 36/2020, a USC promove a elaboración de pregos tipo de cláusulas técnicas e administrativas correspondentes aos contratos a celebrar para a xestión de fondos Next Generation procedentes do PRTR, que deberán axustarse ás esixencias impostas polas Ordes HFP 1030/2021, 1031/2021 e 55/2023.

Unha vez recibida a solicitude de inicio de expediente de contratación con fondos MRR-PRTR, o Servizo de Contratación realizará actuacións en colaboración coa Oficina Next Generation para garantir o cumprimento dos principios do PRTR nos pregos que rexerán a licitación.

En todos os expedientes de contratacións da USC vinculados á execución de actuacións do MRR-PRTR, deberase recoller a seguinte documentación que permanecerá en arquivo durante todo o período de garantía establecido pola normativa aplicable:

- **Memoria DNSH da actividade:** incluída a autoavaliación dos posibles impactos negativos significativos no ambiente (*Do No Significant Harm*, DNSH), seguimento e verificación de resultado sobre a avaliación inicial, segundo o artigo 5 da Orde HFP 1030/2021, os condicionantes DNSH específicos da actividade e os mecanismos de verificación que permitan acreditar o seu cumprimento.

A documentación administrativa do expediente de licitación será a que rexe segundo a LCSP e incluírá os requirimentos MRR-PRTR, basicamente será a que segue:

- **Xustificación de necesidades:** con indicación de cumprimento coa normativa do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e o financiamento da Unión Europea – NextGenerationEU.
- **PCAP.** Prego de cláusulas administrativas particulares.
- **PPT.** Prego de Prescricións Técnicas Particulares.
- **Anexo I do PCAP.** Cadro de especificacións administrativas.
- **Anexo PRTR do PCAP:** Protocolo de contratación pública financiada pola Unión Europea- Fondos Next Generation EU no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR).
- **Anexo DNSH do PCAP:** Memoria de cumprimento co principio DNSH.
- **Anexo DECLARACIÓN RESPONSABLE PRTR do PCAP:** Declaración Responsable Múltiple a asinar por contratistas e subcontratistas.

Os documentos anexos ao PCAP conteñen condicionantes e obrigas de obrigatorio cumprimento por parte das entidades contratistas e subcontratistas. As entidades contratistas e subcontratistas deben asinar e entregar o anexo IV ao PCAP. Declaración Responsable Múltiple a asinar por contratistas e subcontratistas que consta das seguintes seccións:

1. Declaración de Ausencia Conflito de Intereses (DACI).
2. Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3. Declaración de titularidade real, no seu caso.
4. Declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
5. Declaración responsable do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 (guía DNSH MITECO).
6. Declaración de alta no censo de empresarios profesionais e retedores da AEAT ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral que reflecta a actividade efectivamente desenvolta na data de participación do procedemento de licitación.

7.1.1. Requisitos de comunicación, publicación e difusión da licitación

De conformidade co artigo 9.8 da Orde HFP/1030/2021, co fin de asegurar unha adecuada comunicación, transparencia e difusión da execución de fondos Next Generation, no marco do PRTR, o Servizo de Contratación procederá a publicar o contrato na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PCG), na ligazón:

(<https://www.contratosdegalicia.gal/portada.jsp>)

e enviará un correo electrónico a ccomunicacionplanderecuper@sepg.hacienda.gob.es coa ligazón URL á publicación da licitación na PCG para a súa inclusión na páxina Web xestionada pola autoridade responsable.

7.2. Fase de valoración e adxudicación

Segundo a Orde HFP/55/2023 de 24 de xaneiro, o persoal participante na preparación e tramitación do expediente de licitación, antes de dar comezo á valoración de ofertas, deberá coñecer a listaxe de entidades licitadoras (contratistas e subcontratistas) e acreditará a ausencia de conflito de interese en relación ás entidades contratistas e subcontratistas, segundo o artigo 3 da Orde HFP/55/2023, mediante a sinatura electrónica dunha Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Este procedemento realizarase tamén con calquera entidade (Cesión de contrato, nova subcontratación ou modificación das subcontratacións previstas) que se incorpore á execución do contrato con posterioridade á fase de valoración de ofertas. Non se permitirá a incorporación á execución do contrato de ningunha entidade sobre a que conste existencia de conflito de interese (bandeira vermella).

Unha vez realizadas as declaracións, o Servizo de Contratación facilitará a información do persoal participante na preparación e tramitación de expediente, o persoal membro da Mesa de contratación e Órganos de asistencia á AEAT, Agencia Estatal de Administración Tributaria, a través da ferramenta MINERVA para realizar o control de conflito de interese ex ante, previo á valoración dos contratistas.

Como resultado do control de conflito de interese en MINERVA poden xerarse tres tipos de informe que determinarán se o procedemento segue adiante:



- a) Informe de BANDEIRA VERDE: ausencia de conflito de interese, o procedemento poderá seguir o seu curso.
- b) Informe de BANDEIRA VERMELLA, existencia de conflito de interese.

No caso de que unha vez realizada a comprobación de ausencia de conflito de interese, se desde o sistema de información da AEAT, MINERVA, se detectara un posible caso de risco de conflito de interese (CI). A aplicación proporcionará o NIF do decisor afectado e o NIF da súa parella de risco de conflito. En tal caso, requiriráselle ao órgano superior xerárquico da persoa identificada coa bandeira vermella, a revisión da súa situación e, no seu caso, procederase á súa recusación, ou ben, se así se entende, á ratificación da DACI que será debidamente comunicada (Artigo 5 e 6 da Orde HFP/55/2023) mediante unha Declaración de confirmación de ausencia de conflito de interese (ratificación da DACI).

- c) Informe de BANDEIRA NEGRA: non identificación de titulares reais de contratistas ou subcontratistas.

No caso de que desde a aplicación MINERVA, non se poida cualificar a ausencia de conflito de interese, dado que a AEAT carece da información sobre a titularidade real da personalidade xurídica da entidade ou entidades licitadoras, o órgano de contratación estará habilitado para solicitar a información establecida no artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, do 12 febreiro.

En concreto, as entidades licitadoras terán que aportar no prazo de 5 días hábiles, a seguinte información: nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista. A falta de entrega de dita declaración no prazo arriba indicado será motivo de exclusión do procedemento no que estea participando.

Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento. (Artigos 5 e 7 da Orde HFP/55/2023).

7.3. Fase de execución e finalización

Para garantir o correcto seguimento da execución débense realizar as seguintes comprobacións, no seu caso:

- Controis periódicos, análises de informes de execución, para verificar e supervisar as fases de execución do contrato e verificacións sobre o terreo, se é o caso, e deixar constancia das incidencias ocorridas nel (atrasos, situacións inusuais) e que permita facer un seguimento sobre o rexistro e dispoñibilidade documental das ofertas no seo do órgano de contratación.
- Controis periódicos da calidade da prestación contratada conforme o disposto nos pregos.
- Lista de comprobación da documentación xustificativa.
- Control das facturas emitidas polo contratista co fin de detectar duplicidades (é dicir, facturas repetidas con idéntico importe ou nº de factura, etc.) ou falsificacións.
- Control dos importes percibidos polos subcontratistas no seu caso.

Será responsabilidade do responsable do contrato validar as evidencias documentais de cumprimento co principio DNSH e etiquetado verde e dixital que remita a empresa adxudicataria (e no seu caso, as subcontratistas).



Esta documentación deberá ser remitida polo Responsable do Contrato ao Servizo de Contratación e Patrimonio para a súa inclusión no expediente de contratación.

O Servizo de Contratación será o encargado do arquivo da documentación que forme parte do expediente de contratación e que conforme a pista de auditoría.

8. Pista de auditoría e checklist de xestión na ferramenta CoFFFE

Ademais da documentación requirida para o control do conflito de interese en CoFFEE (DACI decisores e informe de MINERVA), a Oficina Next Generation gravará en CoFFEE a seguinte documentación por cada expediente de licitación que lle será subministrada polo Servizo de Contratación e Patrimonio:

1. URL da Plataforma de Contratos de Galicia²
2. Documento de Proposta de Gasto (A) asinada
3. Resolución de adxudicación do contrato
4. Contrato asinado (pregos e anexos aos pregos asinados pola empresa contratista)
5. Anuncio de formalización do contrato
6. Documento de modificación, no seu caso
7. Factura
8. Boleta de pago
9. Anexo DECLARACIÓN RESPONSABLE PRTR do PCAP asinados por contratistas e subcontratistas, no seu caso.
10. No caso de haber subcontratistas, deberán indicar a contía con IVE e SEN IVE percibida por estes.

Aprobado polo órgano de contratación

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (Resolución reitoral do 21 de abril de 2022, DOG do 26.04.2022)


O xerente

Javier Ferreira Fernández

² A URL deberá ser subministrada inmediatamente despois da súa publicación para que a Oficina Next Generation poida informar en prazo á Secretaría de Fondos Europeos.



9. Esquema do Protocolo de contratación pública financiada pola Unión Europea- Fondos Next Generation EU no marco do PRTR



Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/07/2025 11:02:10.

CSV: 1BDA-C78C-4A5E-8205